

HENRIQUE RODRÍGUEZ PANTÍN PRESIDENTE DO COLEXIO DE LICENCIADOS EN EDUCACIÓN FÍSICA

► Hai uns meses que se cumpriron 50 anos do nacemento do Inef na Complutense de Madrid, un tempo no que melloraron os plans de estudos pero non o exercicio da profesión. O presidente dos colexiados galegos avoga agora por potenciar en Galicia unha regulación que ve inexistente.

«Hai casos de morte no running en persoas que nunca antes correron»

TEXTO: **MARCOS ZAVALA**
FOTO: **EP**

En novembro cumpríronse 50 anos dos estudos do Instituto Nacional de Educación Física (Inef). Que balance fai deste tempo?

Houbo unha mellora nos estudos da nosa profesión. Cando empezaron eran tres anos, logo foron catro, despois pasou a ser licenciatura e actualmente, igual que con outras profesións, pasou a ser un grao. Unha mellor formación que se foi actualizando, pasando das actividades máis básicas que había naquela época á especialización que hai hoxe en día, onde se tratan temáticas moi diversas como o exercicio físico para a saúde, a xestión deportiva, o rendemento, ... cousas que antes non había nos plans de estudo.

Profesionalizouse a profesión?

En canto á mellora da profesión, lamentablemente temos que dicir que non hai moita. Excepto no ámbito educativo, que está bastante regulado, e para ser profesor de educación física tes que ter a titulación que hai que ter ou aprobar unha oposición. No mundo privado non hai unha regulación profesional e seguimos como hai moitos anos, calquera pode traballar sen ter unha titulación.

Un exemplo?

En España actualmente hai seis comunidades autónomas que fixeron unha regulación da profesión, cada unha dunha manei-

ra distinta, nas que as diferentes actividades profesionais necesitan diferentes titulacións. En Galicia non é así, unicamente temos un artigo que di que para exercer no ámbito da xestión físico-deportiva, como adestramento ou dirección deportiva, hai que ter unha titulación neste ámbito, pero sen especificar ningunha.

Cre que é a Xunta a que debería mellorar isto ou debería ser unha competencia estatal?

Galicia e Baleares son as únicas comunidades que non teñen transferidas as competencias para facer unha regulación. O que está pasando tamén é que como non hai unha lexislación básica estatal, en cada comunidade están empregando terminoloxías distintas. O que nun sitio pode ser director deportivo noutro pode ser director técnico deportivo, e noutro ao mellor pode ser coordinador. Isto crea unha confusión. Creemos que sería necesaria unha regulación estatal que fixase uns mínimos e que logo en cada comunidade se poidera facer unha segunda fase para concretar algúns aspectos.

Ata que punto casos mediáticos coma o de Zidane no Real Madrid fan pensar á xente que a educación física é algo secundario?

Cando os famosos fan algo, a xente pode pensar que calquera pode facelo. Por desgracia, esta é unha tendencia bastante habitual na televisión, onde persoas sen nin-



Henrique Xoán Rodríguez Pantín.

Estudios demostran que quen de pequeno é obeso, de maior ostenta moitísimas probabilidades máis de seguir séndoo»

gunha formación presentan unha serie de exercicios, por exemplo.

Este intrusismo é un problema?

Máis que para os profesionais, o problema pode ser para os usuarios, aínda que é certo que no mercado hai un grupo bastante numeroso de persoas que están facendo o noso traballo e non teñen ningunha titulación. Evidentemente, unha persoa que non ten a formación universitaria e ao mellor só fixo un cursiño dunhas poucas horas por internet non vai esixir un soldo moi alto, porque non lle custou nada empezar a traballar.

Recentemente, o Colexio tivo unha reunión coa secretaria xeral para o Deporte da Xunta. Faláron disto?

Sí, si, falamos diso. Era unha reunión de contacto, ela acaba de coller o cargo. Expuxemos esta situación e outras que nos afectan para ir pouco a pouco avanzando.

Preocupa a obesidade infantil?

Os datos non están esaxerados. Hai estudos que demostran que quen de pequeno é obeso, de maior ten moitísimas probabilidades de seguir séndoo, con todos os problemas para a saúde que iso representa. É unha enfermidade que vai acompañada dunha serie de doenzas, e moitas delas teñen incidencia na morte. Falamos de hiperglucemia, ácidos graxos elevados, colesterol, aterosclerose...

Que solución pode haber?

Habería que aumentar o número de clases á semana de educación

física de dúas a tres, pero é un problema de difícil solución, porque ao mellor nunha familia a alimentación sempre foi mala e é difícil cambiar ese costume. Tamén pode ser que alguén sufra obesidade por problemas de relacións sociais. As causas poden ser varias.

Que rutina de exercicio básica habería que facer para estar san?

As capacidades físicas relacionadas coa saúde son a resistencia aeróbica, a forza e a flexibilidade. Con este conxunto de actividades conseguimos, por unha parte, reducir o risco de enfermidades metabólicas e do aparato circulatorio, evitar problemas de columna e ter un rango de movemento máis amplo. A Organización Mundial da Saúde (OMS) recomenda un mínimo de sesenta minutos de exercicio ao día en rapaces de 5 a 17 anos.

Que opina da moda do running?

As modas son iso, modas. O que pasa é que está tendo algunhas consecuencias trágicas. Hai moitos anos foi o footing, que se promocionou con algunhas marcas comerciais e houbo moita xente que empezou a facelo. Nos últimos tempos comezou a practicar o running xente que non correu en toda a vida, que nunca competiu, e está a haber casos de morte en determinadas competicións.

É internet unha mala influencia?

En internet pódese encontrar practicamente de todo. Hai moitas recomendacións de adestramentos que non están personalizadas; quen puxo iso non sabe quen o vai facer nin en que condicións está.

E as novas tecnoloxías?

As novas tecnoloxías non saben quen está a facer deporte e en que condicións. O que fixeron é incitar á xente a facer cada vez máis.

Pero terán a súa parte positiva.

Sí, axudan a controlar, pero só se se sabe o que se está facendo.

Existe a adición ao deporte?

Está catalogada como vigorexia. Hai xente que necesita facer cada vez máis sen un verdadeiro motivo.

Precisan tratamento psicolóxico?

Hai tratamentos para intentar solucionar eses problemas, igual que os hai para outros trastornos.

Dous mortos en Cuntis ao envorcar a súa moto tras adiantar en liña continua

► As primeiras pesquisas apuntan a que o piloto perdeu o control do vehículo, que colisionou contra o gardarraíl, por un exceso de velocidade

FERNANDO SALGADO (DP)/AGN

CUNTIS. Dous homes faleceron nun accidente de tráfico rexistrado en torno ás 11.00 horas de onte no municipio pontevedrés de Cuntis. As primeiras pesquisas apuntan a un exceso de velocidade, xa que a

moto na que viaxaban envorcou cando non había ninguén máis circulando pola vía.

O suceso produciuse no kilómetro 1 da estrada PO-228, no lugar de Meira, cando os falecidos se desprazaban en dirección a Moraña, e tras adiantar un vehículo de cor gris. Esta manobra foi realizada nun tramo recto, onde a velocidade está limitada a 50 kilómetros por hora e unha liña continua advirte de que están prohibidos os adelantamentos. Todo parece indicar que pouco despois de deixar atrás o coche, o piloto da moto, unha Kawasaki 800, per-



O fatal accidente tivo lugar na PO-228, en dirección Moraña. SXENICK (EFE)

deu el control da mesma, e esta arrastrouse varios metros ata cruzar a calzada e rematar batendo contra o gardarraíl.

Ao lugar acudiu o persoal sanitario do Punto de Atención Continuada de Caldas de Reis, que

só puido certificar a morte dos dous ocupantes, de 30 y 23 anos e veciños do municipio coruñés de Teo. Tamén se desprazou un helicóptero medicalizado do 061, procedente de Santiago, que aterrou nun campo situado a uns 200

metros de distancia.

Os efectivos da agrupación de voluntarios de Protección Civil de Cuntis foron os primeiros en chegar á zona. Alí, encargáronse de regular a circulación, tarefa na que tamén colaborou desde o primeiro momento o alcalde, Manuel Campos. Mentres, os axentes da Garda Civil de Tráfico realizaron as medicións e tomaron fotografías coa finalidade de determinar o motivo do suceso e as súas características.

A parte frontal da moto quedou completamente esnaquizada como consecuencia do golpe, igual que a roda dianteira. Os dous ocupantes levaban postos os cascos, que voaron polo aire tras o golpe. Isto puido deberse, tal e como confirmaron algunhas fontes, a que o vehículo circulaba a unha velocidade excesiva, podendo superar os 100 kilómetros por hora.